

XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2025

Acta da sesión que tivo lugar o día trece de marzo de dous mil vinte e cinco.

No salón de actos do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, ás 19.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros D. Manuel Francisco Martín García, D. Javier Constenla Vega, D. Ramón Quintela Miramontes, D^a Patricia Arnoso López, Margarita Ruiz Núñez, D^a María Jesús Vieito Mayo e D. Jorge Eladio Romero Rivera, así como o secretario técnico e colexiado, D. Manuel Arza Galán, e 35 colexiados/as exercentes e 1 colexiada non exercente.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.**
- 2. Recensión do decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.**
- 3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.**
- 4. Propositions.**
- 5. Peticións e preguntas.**
- 6. Toma de posesión dos seus cargos dos membros da Xunta de Goberno elixidos nas últimas eleccións e cesamento dos saíntes.**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

O secretario, Sr. Martín García, procede á lectura da acta da última sesión da Xunta Xeral.

A seguir, sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECEMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións e acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación coa **xestión colexial**:

- Durante o ano 2024 tramitáronse un total de 4.105 expedientes de xustiza gratuita.
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 1.067.026 euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda.
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 24.000 euros para outros convenios (vía previa concello, delitos sexuais, compensación avogados designación por requirimento xudicial, violencia de xénero, IGVS), repartido entre os letrados/as que prestan eses servizos.
- Tramitáronse 36 altas de novos colexiados/as (31 como exercentes e 5 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 852 colexiados exercentes e de 492 non exercentes.
- Emitíronse 272 informes de honorarios para taxacións de custas (fronte aos 143 do ano anterior, o que supón un incremento do 90 %). Nos dous primeiros meses de 2025 xa se emitiron 116.
- Tramitáronse 26 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitouse 1 expediente disciplinario.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2024:

- Implantación do sistema de notificacións electrónicas mediante a plataforma XolidoSign (02.02.2024)
- Creación do Servizo de Intermediación en Desafiuzamentos do ICA Santiago (15.02.2024)
- Renovación do servidor informático da sede principal (06.03.2024)
- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil con Allianz, do 01.07.2024 ao 30.06.2025, cunha subvención do Colexio de 100.000 euros (25.06.2024)

- Implantación do programa de xestión colexial Colaboweb (25.06.2024)
- Adhesión ao convenio do CGAE para a tramitación electrónica de expedientes de estranxeiría e nacionalidade (25.06.2024)
- Bolsas de axuda para asistir ás XII Xornadas de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero, que se levan a cabo en Toledo o 26 e 27 de setembro (08.07.2024)
- Creación da Xunta Electoral do ICA Santiago para as eleccións á Xunta de Goberno do 20.12.2024 (12.09.2024)
- Reorganización da Comisión Deontolóxica e Disciplinaria do ICA Santiago (12.09.2024)
- Solicitude ante o Concello de Padrón para habilitar unha praza de aparcamento destinada aos letrados/as da quenda de oficio de Padrón nas inmediacións do edificio dos xulgados

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2024:

- Tramitouse máis dun 70 % das migracións dos certificados dixitais ao novo certificado ACA Plus.
- Publicación da *Memoria anual 2023*
- Publicación da *Guía colexial 2024*
- Publicación do número 24/2024 da revista *Avogacía Compostelá*
- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica
- Eleccións á Xunta de Goberno do 20.12.2024

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2023:

- Xornada sobre dereito bancario “Falemos de Dereito bancario” (18 de xaneiro)
- Taller práctico sobre intelixencia artificial (22 de febreiro)
- Xornadas sobre as reformas procesuais do RDL 6/2023 (7, 14 e 21 de marzo)
- Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xullo, teleformación)
- Xornada “Análise forense de dispositivos móbiles no marco dun procedemento xudicial” (6 de xuño)
- Obradoiro de intelixencia artificial para o exercicio da avogacía (20 de xuño)
- Xornada telemática sobre compartición do expediente xudicial electrónico (25 de xuño)
- Xornada “Novidades e análise da nova Lei de costas de Galicia” (26 de xuño)

- Xornada “Criterios xurisprudenciais e casuística en relación cos gastos extraordinarios en Dereito de familia (30 de outubro)
- Xornadas sobre violencia de xénero e menores (5, 14, 21 e 26 de novembro)
- Seminario “Técnicas de escritura e composición de documentos xurídicos” (25 e 27 de novembro e 2 e 4 decembro)
- Xornadas sobre contratación pública (28 de novembro, 10 de decembro e 9 de xaneiro)
- XVII Xornada Xustiza e Lingua (12 de decembro)

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Coedición coa editorial Tirant lo Blanch dos códigos da LAC e da LACrim
- Coedición coa editorial La Ley do manual *Guía práctica de la prueba penal*
- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: Global Economist & Jurist, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín e vLex Premium.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafiuzamentos
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Convenio para a atención profesional a vítimas de violencia sexual
- Convenio para accións de formación especializada a profesionais da avogacía sobre atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero
- Convenio para compensar economicamente os letrados/as da quenda penal no caso de denegación de AXG a persoas físicas e xurídicas por determinadas causas
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepín e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades lexislativas a prezos reducidos

- Convenio con Atriga para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio con UTD Concursal, SLP, para a emisión de informes periciais en relación co cártel de vehículos
- Convenio de colaboración con Abanca
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenio con Iberdrola
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Unión de Artesanos para contratar unha póliza de saúde
- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Pías Clínica Dental
- Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes
- Convenio co aparcadoiro de Área Central

A colexiada Ana Cristina Camiño Villaverde pregunta por que durante o ano 2024 non se realizou ningunha asemblea informativa para informar das negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza sobre a quenda de oficio.

O decano fai uso da palabra para contestar que non se convocou ningunha asemblea informativa porque durante o 2024 non se produciu ningún cambio significativo nas negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza. Non obstante, tan pronto como teña algún contacto co director xeral de Xustiza en relación coa negociación do novo baremo, convocarase unha reunión informativa o antes posible.

3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O decano, o tesoureiro e o secretario técnico do Colexio expoñen as contas do exercicio 2024, que presenta o seguinte balance de gastos e ingresos:

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00049 - ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACIA DE SAN

Período

De Enero a Diciembre

Observaciones

2024		
1. Importe neto de la cifra de negocios		17.349,03
705	PRESTACIONES DE SERVICIOS	17.349,03
3. Trabajos realizados para activos		668.848,68
721	CUOTAS COLEGIALES	662.967,86
723	INGRESOS PATROCINADORES Y COL	5.880,82
4. Aprovisionamientos		-50.711,67
601	COMPRAS DE MATERIAS PRIMAS	-25.222,24
602	COMPRAS DE OTROS APROVISIONAM	-25.489,43
5. Otros ingresos de explotación		153.650,86
740	SUBV.,DONA. Y LEGADOS EXPLOTA.	114.567,39
741	OTRAS SUBVENCIONES A LA EXPLOT	26.019,83
754	INGRESOS POR COMISIONES	5.219,64
755	INGRESOS POR SERVICIOS AL PERS	7.844,00
6. Gastos de personal		-300.559,98
640	SUELDOS Y SALARIOS	-246.232,30
642	SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA	-54.327,68
7. Otros gastos de explotación		-472.047,14
620	GASTOS I+D EJERCICIO	-74.159,16
621	ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES	-5.242,87
622	REPARACIONES Y CONSERVACIÓN	-16.962,65
623	SERVICIOS PROFESIONALES INDEP.	-17.088,59
625	PRIMAS DE SEGUROS	-253.100,32
626	SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE	-969,41
628	SUMINISTROS	-11.069,89
629	OTROS SERVICIOS	-53.346,38
631	OTROS TRIBUTOS	-1.791,01
634	AJUST. NEGAT. EN IMPOS. INDIR.	-24.006,31
650	PERD. CRÉD. COMER. INCOBRABLES	-3.749,00
654	REEMBOLSO DE GASTOS AL ORGAN	-4.558,89
655	PERDIDAS DE CREDITOS INCOBRABL	-4.564,92
694	PERD. DETER. CRED. OP. COMERC.	-5.462,66
794	REVER. DETER. CRED. OP. COMER.	4.024,92
8. Amortización de inmovilizado		-9.809,71
680	AMORTIZACIÓN DEL INMOVILIZADO	-413,90
681	AMORTIZACIÓN DEL INMOVILIZADO	-9.395,81

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00049 - ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACIA DE SAN**Período** De Enero a Diciembre**Observaciones**

2024		
12. Otros resultados		1.567,98
678	GASTOS EXCEPCIONALES	-440,20
778	INGRESOS EXCEPCIONALES	2.008,18
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		8.288,05
13. Ingresos financieros		168,00
b) Otros ingresos financieros		168,00
769	OTROS INGRESOS FINANCIEROS	168,00
14. Gastos financieros		-3,00
669	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-3,00
B) RESULTADO FINANCIERO		165,00
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS		8.453,05
19. Impuestos sobre beneficios		-2.577,30
630	IMPUESTO SOBRE BENEFICIOS	-2.577,30
D) RESULTADO DEL EJERCICIO		5.875,75

A continuación, o decano abre unha quenda de preguntas e aclaracións.

O Colexiado Miguel Sánchez Campos pregunta canto temos de liquidez na tesourería.

O decano fai uso da palabra para responderlle que a liquidez é duns 900.000 euros aproximadamente.

A Colexiada María Dolores Traba López pregunta que cantidade temos no depósito da Mutualidad.

O decano contesta que hai despositados 410.000 euros aproximadamente.

A Colexiada Ana C. Camiño Villaverde pregunta se sabe cal é o custo de tramitación dos expedientes de xustiza gratuíta

O decano contesta que é moi difícil cuantificalo, xa que o persoal do colexio realiza varios labores no mesmo horario. Estase a negociar coa Xunta de Galicia que se nos aboe unha cantidade fixa por cada expediente iniciado.

A Colexiada Ana Belén Sabel Iglesias manifesta que o servizo de orientación xurídica (SOX) non está a funcionar e que se está a incumprir a lei.

O decano contesta que iso non é certo. Indica que no colexio hai unha comisión da quenda de oficio integrada por letrados da quenda de oficio e un SOX, que está prestado polo persoal administrativo do colexio en coordinación por un deputado da Xunta de Goberno. Non se está a incumprir ningunha lei.

A Colexiada Ana C. Camiño Villaverde agradece o esforzo de austeridade da Xunta de Goberno ao reducir os gastos de representación.

A Colexiada Ana Belén Sabel Iglesias pregunta a que corresponde unha factura pagada a unha deputada da Xunta de Goberno.

O decano contesta que se trata dun pagamento por asumir a defensa de dous letrados da quenda de oficio que foron ameazados por un solicitante de xustiza gratuíta. O Colexio presentou unha denuncia e constituíuse como acusación popular, para o cal designou a esa letrada. Non obstante, sinala que esa cantidade será recompensada na correspondente taxación de custas xa que o acusado foi condenado a aboalas.

A Sra. Sabel Iglesias cuestiona as axudas de custo que cobra o decano pola asistencia aos plenos do CGAE e ás reunións da Mutualidad.

O decano contesta que iso non é certo, que da Mutualidad os decanos non cobran nada, só cobran axudas de custo os representantes dos mutualistas. En canto aos plenos do CGAE, o que se cobra é basicamente para comidas.

A colexiada María Dolores Traba López pregunta cantos membros da Xunta de Goberno foron á comida de despedida do xuíz decano Sr. Lago Louro, xa que lle parece excesivo o gasto de 400 euros.

O decano contesta que foron varios deputados da Xunta de Goberno e que nese importe inclúese unha parte correspondente ao agasallo de despedida.

O colexiado José Carlos García Cumplido intervén para manifestar e lembrar que a xestión se delega no órgano de goberno democraticamente elixido nas eleccións, que é por tanto a quen lle corresponde esa xestión.

Tras as intervencións, sométense á votación as contas de gastos e ingresos do exercicio 2024, cos seguintes resultados:

— Votos a favor: 36 de colexiados/as exercentes

— Votos en contra: 7 de colexiados/as exercentes e 1 dunha colexiada non exercente

Tras a votación e os resultados obtidos, as contas do exercicio 2024 son aprobadas por maioría.

4. PROPOSICIÓNS

Non se formulan.

5. PETICIÓNS E PREGUNTAS

A colexiada (non exercente) Beatriz Cristina Estévez Fontenla propón que a próxima medalla de ouro do Colexio sexa para os letrados e letradas da quenda de oficio.

O decano contesta que xa lles concedeu hai uns anos. Non obstante, propón reiterarlle ao Concello de Santiago de Compostela que se dedique o nome “quenda de oficio” a unha rúa ou unha praza da cidade.

A Sra. Estévez Fontenla toma a palabra novamente para propoñer que o que se cobre aos colexiados que asisten á festividade de San Raimundo sexa proporcional ás súas pensións.

O colexiado José Antonio Montero Vilar propón realizar un estudo no que se poida determinar o custo que lles supón aos colexiados que non están na quenda de oficio a xestión da quenda de oficio por parte do colexio.

A colexiada Ana Belén Sabel Iglesias pon de manifesto que no día de hoxe presentou no rexistro do Colexio un escrito dirixido á Xunta de Goberno no que fai unha serie de peticións en relación coa Mutualidad.

O decano contesta que o escrito será estudado na próxima xunta de goberno que se convoque.

6. TOMA DE POSESIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO ELIXIDOS NAS ELECCIÓNS DE DECEMBRO DE 2024.

Con carácter previo á toma de posesión dos novos deputados da Xunta de Goberno, o decano quere deixar constancia na presente acta o agradecemento e recoñecemento aos deputados saíntes don Ramón Quintela Miramontes e don Javier Constenla Vega, polo seu traballo e dedicación durante as súas etapas nos cargos que ocuparon.

Constitúese a Mesa para o acto de toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno elixidos nas eleccións de decembro de 2024, que preside o decano don Francisco José Rabuñal Mosquera e na que actúa como secretaria dona Patricia López Arnoso, ao non someterse ambos a reelección.

Deseguido, ten lugar a toma de posesión dos cargos respectivos. O presidente da Mesa chama de maneira individual os seguintes colexiados e colexiadas, que proceden a ratificar o seu cargo mediante promesa ou xuramento.

- Deputada 2ª: Dª Margarita Ruiz Núñez
- Deputado 3º: D. Jorge Eladio Romero Rivera

- Deputada 5ª: Dª Mª del Pilar Fonseca Cao
 - Tesoureiro: D. José Antonio Montero Vilar
 - Secretario: D. Manuel Francisco Martín García
-

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 13 de marzo de 2025, ás 20.15 h. Como secretario, dou fe.

O decano

O secretario